

**ASUNTO**

PLE/2021/00005286B

**ACTA 4/2021**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **09:30 horas** do día **12 de febreiro de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente. Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

**ASISTEN:**

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

**PSdeG-PSOE:**

Dona Mercedes Rosón Ferreiro (incorpórase no punto 2º)  
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)  
Dona María Milagros Castro Sánchez  
Don Gonzalo Muíños Sánchez  
Dona Marta Abal Rodríguez  
Don José Manuel Pichel Patiño  
Don José Javier Fernández Martínez  
Dona María Esther Pedrosa Carrete  
Don Rubén Prol Mariño

**PP:**

Dona Ana Belen Sabel Iglesias  
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)  
Dona María Angeles Antón Vilasánchez  
Don José Antonio Constenla Ramos  
Don Evaristo Ben Otero  
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia  
Dona Beatriz Cigarrán Vicente  
Dona María Castelao Torres

**CA:**

Dona Branca Petra Novo Rey  
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)  
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez  
Dona María Rozas Pérez  
Don Xan Xesús Duro Fernández

**BNG:**

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)  
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor do concello.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

## **ORDE DO DÍA:**

### **1. Ratificación da urxencia da sesión.**

**2. Aprobación do Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA (TUSSA) para a ordenación da xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela.**

**3. Aprobación do expediente de crédito extraordinario número 2021-CREXT-01 de importe 57.198,00 euros, financiado con baixas por anulación.**

**4. Dación de conta da remisión ao Consello de Contas das contas da Fundación Eugenio Granell correspondentes ao exercicio 2019.**

Cumpriméntase así:

### **1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, ratifica a urxencia da sesión.

### **2. APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO, SA (TUSSA) PARA A ORDENACIÓN DA XESTIÓN DA EXPLOTACIÓN DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

A proposta do concelleiro delegado de mobilidade con respecto a aprobación do convenio, ten o seguinte contido:

“O 15 de xuño de 2016 asinou un Convenio Marco de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a Entidade Pública Empresarial ADIF-Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Santiago de Compostela e a súa contorna urbana, toda vez que “as partes comparten o interese en promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, a través de medidas e actuacións destinadas a alcanzar a intermodalidade entre o transporte público de viaxeiros en autobús e o transporte público de viaxeiros en ferrocarril, facilitando desta maneira os desprazamentos entrea orixe e o destino final do usuario con maior rapidez, eficiencia e menor custo.”

Entre os ámbitos de colaboración previstos no mencionado convenio atopase a execución pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dunha nova estación de autobuses en Santiago de Compostela, que se integra na futura estación intermodale se ubica na rúa Clara Campoamor desta cidade.

Esta infraestrutura, de titularidade da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, foi construída pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade segundo o proxecto denominado “Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobuses e pasarela peonil de conexión –

incluso praza clara Campoamor), para a xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela é unha administración pública que ostenta competencias en materia de infraestruturas viaria e outros equipamentos da súa titularidade; tráfico, estacionamento de vehículos, mobilidade e transporte colectivo urbano, segundo o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local.

Así mesmo, é competente en materia de transporte público de viaxeiros segundo o disposto no artigo 80.2. m) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

A actual estación de autobuses de Santiago de Compostela está situada na Praza de Camilo Díaz Baliño e foi adxudicada ao Concello de Santiago de Compostela por Resolución do Ministerio de Obras Públicas de 1 de xuño de 1971 (BOE nº142, de 15 de xuño), por un período de 75 anos, mediante un contrato de concesión de explotación do servizo público.

Posteriormente, mediante o Real Decreto 212/1979, de 26 de xaneiro, o Real Decreto 2299/1982, de 24 de xullo, e o Real Decreto 3548/1983, de 28 de decembro, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de transportes terrestres.

Asemade, o Real Decreto 88/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de medios materiais traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de transportes terrestres, traspasou á Comunidade Autónoma o inmovible de dominio público que ocupa a estación de autobuses de Santiago de Compostela, sito na Praza de Camilo Díaz Baliño .

Por Resolución da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de 5 de abril de 2005, autorizouse a cesión da concesión da explotación do servizo público da estación de autobuses á empresa Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago (TUSSA), nas mesmas condicións da adxudicación orixinaria e coa limitación que na mesma se establece, que foi incorporada á escritura pública de cesión outorgada ante notario o 30 de xuño de 2005.

Tendo en conta os obxectivos fixados no citado convenio marco de colaboración asinado o 15 de xuño de 2016, pranteouse a conveniencia de levar a cabo dúas actuacións ao respecto, por unha banda, formalizar un convenio co fin de resolver, por mutuo acordo das partes, o contrato de xestión do servizo público da estación de autobuses adxudicado ao Concello de Santiago de Compostela por Resolución do Ministerio de Obras Públicas de 1 de xuño de 1971 e posteriormente cedido TUSSA e por outra banda, ordenar as relacións de carácter patrimonial entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a explotación da futura estación de autobuses de Santiago de Compostela, de acordo co establecido no artigo 99 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, polo que se redactou o “Convenio de colaboración a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA (TUSSA) para a ordenación da xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela” que a Dirección Xeral de Mobilidade remitiu ao Concello para a súa aprobación previa realización dos

trámites oportunos.

Una vez revisado o documento e recabados os pertinentes informes municipais que se incorporan ao expediente, procede á súa aprobación polo Pleno da Corporación.

Á vista de canto antecede **PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN**

A aprobación do “Convenio de colaboración a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA (TUSSA) para a ordenación da xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela” incluídos os seus anexos I e II e o Proxecto de explotación da Estación de Autobuses de Santiago de Compostela.”

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por 23 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e de Compostela Aberta (10 PSdeG-PSOE, 8 PP e 5 CA), e 2 abstencións correspondentes ás concelleiras do grupo municipal do BNG, acorda aprobar o “Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, o Concello de Santiago de Compostela e a Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago, SA (TUSSA) para a ordenación da xestión da explotación da estación de autobuses de Santiago de Compostela” incluídos os seus anexos I e II e o Proxecto de explotación da Estación de Autobuses de Santiago de Compostela.

### **3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 2021-CREXT-01 DE IMPORTE 57.198,00 EUROS, FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN.**

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda, con respecto á aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2021-CREXT-01, ten o seguinte contido:

“Visto o informe da oficina orzamentaria sobre a procedencia de incoación dun expediente de crédito extraordinario para dar cobertura a necesidades do departamento de Promoción Económica, con código de expediente 2021-CREXT-01.

Visto o informe proposta de data 5 de febreiro de 2021 do director de área de Recursos Humanos, Avaliación, Modernización e Réxime Interior (responsable administrativo destas actuacións segundo Decreto de Alcaldía de data 21 de decembro de 2020) informou, co visto e praxe da responsable de Comercio e proposta da mesma data de Alcaldía, de necesidade de tramitación de expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 para a adquisición do 31% do capital social da empresa (Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L (Uninova), da cal o Concello é socio, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela.

Vista a comunicación do Conselleiro Delegado de Uninova comunicou, de data 4 de febreiro de 2021, coas cantidades a achegar, proporcionais ás novas porcentaxes de participación dos socios na sociedade, en concepto de achegas socio 2021.

Visto o informe da oficina orzamentaria, de data 8 de febreiro de 2021, e con número de referencia 8/2021.

Cúmprense os requisitos para a aprobación dun expediente de crédito extraordinario, coa referencia 2021-CREXT-01, posto que queda acreditada a especificidade e determinación do novo gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a súa inmediatez sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

O expediente que se presenta a aprobación pretende habilitar crédito nunha aplicación orzamentaria nova do capítulo 8 de gastos do orzamento 2021 - 010 43300 8050900, que recollerá o crédito necesario co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender á adquisición do 31% do capital social de Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L. (UNINOVA), con NIF B15678733. Actualmente o Concello posúe o 49% do capital social da citada empresa.

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidade crédito extraordinario, é de **57.198,00 euros**, segundo se manifesta no informe proposta que da orixe a este expediente, en base á valoración feita por persoal técnico da propia Universidade de Santiago de Compostela.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigo 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Acordo do Congreso dos Diputados, na sesión do 20 de outubro de 2020 na que apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Artigos 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2021 (prorrogado do exercicio 2020).

Como recurso que financia este crédito extraordinario, o artigo 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, sinala que os créditos extraordinarios poden financiarse indistintamente con algúns dos seguintes recursos:

- a) Por conta do remanente líquido de tesourería calculado consonte os artigos 101 a 104.
- b) Por conta de novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Mediante anulacións ou baixas de crédito doutras aplicacións doorzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No caso que nos ocupa, esta proposta de crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación do crédito dispoñible existente na seguinte aplicación orzamentaria:

Baixa por anulación na aplicación orzamentaria 010 43300 4490000 por importe de 47.000,00 euros cuxas dotacións no orzamento prorrogado (190.000,00€) se estiman reducibles no momento actual segundo o establecido no informe proposta que forma parte do expediente, dado que a finalidade deste crédito son as achegas nesta anualidade comosocio por parte do Concello e transferencias para actividades que Uninova realizará.

Neste sentido, no escrito presentado polo Conselleiro Delegado de Uninova, de data 4 de febreiro de 2021, maniféstase que as novas achegas, unha vez adquirida esta porcentaxe adicional do 31%, suporían un importe de 40.000,00€- Segundo as previsións remitidas polo centro xestor, o total de créditos iniciais no novo orzamento 2021 axustarase á cantidade de 143.000€, polo tanto a dispoñibilidade deste crédito pode determinarse como real e a minoración do crédito non suporá deterioro do servizo.

Baixa por anulación na aplicación orzamentaria 010 43100 2030000 por importe de 10.198,00 euros cuxas dotacións no orzamento prorrogado (35.000,00 €) se estiman reducibles no momento actual segundo o establecido no informe proposta que forma parte do expediente, dado que segundo as previsións remitidas polo centro xestor de Comercio, o total de créditos iniciais no novo orzamento 2021 axustarase á cantidade de 20.000€, polo tanto a dispoñibilidade deste crédito pode determinarse como real e a minoración de crédito non suporá deterioro do servizo afectado.

Neste sentido, tense realizado unha operación contable RC polo importe da modificación proposta co número de operación 220210000171 enúmeros de referencia 22021001448 e 22021001449.

Así mesmo, comprobouse que esta futura operación de capital non contravén o previsto na lexislación de réxime local en relación ao redimensionamento do sector público local, concretamente co disposto na disposición adicional novena da Lei 7/1985, incluída a partir da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización esostenibilidade da Administración Local.

No relativo á modalidade de modificativo proposta -crédito extraordinario financiado con baixas por anulación- cómpre facer as seguintes consideracións:

O crédito extraordinario financiado con baixas por anulación é unha modificación de natureza cualitativa na medida en que altera a cualidade do gasto sen modificar a

contía total do estado de gastos do orzamento municipal. Inciden unicamente no orzamento de gastos incrementando o crédito dunhas aplicacións por conta de minorar –baixa por anulación-, no mesmo importe global, o de outras.

Aínda que se detrae gasto do capítulo 4, unha das aplicacións orzamentarias implicadas -na que se dota o crédito no capítulo 8 de gasto- pertence a un capítulo de gasto financeiro, debemos considerar a suspensión das regras fiscais segundo o acordo do Congreso dos Diputados, na sesión do 20 de outubro de 2020 na que apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais (requisito que establece o artigo 11.3 da LOEPSF) a modificación proposta non impacta, en termos de incremento de gastos desa natureza, no cumprimento do obxectivo de estabilidade, e na regra de gasto, polo que non afectaría ao equilibrio orzamentario global.

## **I. AS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS NO ORZAMENTO PRORROGADO.**

No eido da xestión orzamentaria da prórroga cómpre indicar o seguinte:

En tanto non entre en vigor o orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei -artigos 169.6 do TRLFL e artigo 21.4.5 e 6 do RD 500/1990-.

O orzamento definitivo aprobarase, no seu caso, con efectos 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

As modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado entenderanse feitas sobre o orzamento definitivo, agás que o Pleno dispoña no propio acordo de aprobación deste último que determinadas modificacións se consideran incluídas nos créditos iniciais, en cuxo caso deberán anularse as mesmas.

Á vista de canto antecede, propónse á Comisión de Presidencia, Réxime interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de contas, que adopte os seguintes ditames:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2021-CREXT-01 con base ao contido do informe proposta que forman parte do expediente, por un monto global de **CINCUENTA E SETE MIL CENTO NOVENTA E OITO EUROS (57.198,00 euros)** co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender á adquisición do 31% do capital social da empresa (Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L (Uninova), con NIF B15678733, da cal o Concello é socio, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela.

En resumo:

| GRÉDITO EXTRAORDINARIO                                                                                                 |                         |       |         |            | FINANCIAMENTO: BAIASPORANULACIÓN |                                                                                         |                         |       |         |                             |  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|------------|----------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|-----------------------------|--|
| Descrición                                                                                                             | Aplicación orzamentaria |       |         | Importe MC | TIPO MC                          | Descrición                                                                              | Aplicación orzamentaria |       |         | Importe Baias por anulación |  |
| Adquisición do 31%do capital social de Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, SL(Uninova) | 010                     | 43300 | 8509000 | 57.198,00  | CE                               | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43300 4490000 | 010                     | 43300 | 4490000 | 47.000,00                   |  |
|                                                                                                                        |                         |       |         |            |                                  | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2030000 |                         |       |         | 10.198,00                   |  |
|                                                                                                                        |                         |       |         | 57.198,00  |                                  |                                                                                         |                         |       |         | 57.198,00                   |  |

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

| Descrición                                                                                                               | CX | Aplicación orzamentaria |       |         | Crédito Inicial | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-------------------------|-------|---------|-----------------|-------------------------|--------------------|
| Adquisición do 31% do capital social de Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, SL (Uninova) | 34 | 010                     | 43300 | 8509000 | 0,00            | 57.198,00               | 57.198,00          |

TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2021-CREXT-01

57.198,00

B) Financiamento:

| FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN                                                      |                         |       |         |                 |                     |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|-----------------|---------------------|--------------------|
| Descrición                                                                              | Aplicación orzamentaria |       |         | Crédito Inicial | Baixa por anulación | Crédito definitivo |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2030000 | 010                     | 43100 | 4490000 | 35.000,00       | 10.198,00           | 24.802,00          |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43300 4490000 | 010                     | 43300 | 4490000 | 190.000,00      | 47.000,00           | 143.000,00         |

TOTAL FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN

57.198,00

Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                              | IMPORTE     |
|--------------------------------------------------------|-------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....                 | 57.198,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....                  |             |
| 2.- Financiamento                                      |             |
| a) Novos ingresos .....                                |             |
| b) Baixas por anulación .....                          | 57.198,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais... |             |

**SEGUNDO.-** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñeráse ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO.-** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procederase á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO.-** Igualmente, serán aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL."

Ausentes no momento da votación D. Javier Fernández Martínez e D. Ramón Quiroga Limia.

Á vista da proposta transcrita, do acordo da Xunta de Goberno, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas e demais documentación que obra no

expediente, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de crédito extraordinario co número 2021-CREXT-01 con base ao contido do informe proposta que forman parte do expediente, por un monto global de CINCUENTA E SETE MIL CENTO NOVENTA E OITO EUROS (57.198,00 euros) co obxectivo de dar cobertura de crédito adecuado e suficiente para atender á adquisición do 31% do capital social da empresa (Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L (Uninova), con NIF B15678733, da cal o Concello é socio, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela.

En resumo:

| GRÉDITO EXTRAORDINARIO                                                                                                 |                         |       |         |                                                                                         | TIPO MC | FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN                                                      |                         |       |         |                             |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---------|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|-----------------------------|
| Descrición                                                                                                             | Aplicación orzamentaria |       |         | Importe MC                                                                              |         | Descrición                                                                              | Aplicación orzamentaria |       |         | Importe Baias por anulación |
| Adquisición do 31%do capital social de Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, SL(Uninova) | 010                     | 43300 | 8509000 | 57.198,00                                                                               | CE      | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43300 4490000 | 010                     | 43300 | 4490000 | 47.000,00                   |
|                                                                                                                        |                         |       |         | Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2030000 |         | 10.198,00                                                                               |                         |       |         |                             |
|                                                                                                                        |                         |       |         | 57.198,00                                                                               |         |                                                                                         |                         |       |         | 57.198,00                   |

Este expediente terá o seguinte detalle:

**A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:**

| Descrición                                                                                                                | OX | Aplicación orzamentaria |       |         | Crédito Inicial  | Modificación de crédito | Crédito definitivo |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-------------------------|-------|---------|------------------|-------------------------|--------------------|
| Adquisición do 31% do capital social de Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras, S.L (Uninova) | 34 | 010                     | 43300 | 8509000 | 0,00             | 57.198,00               | 57.198,00          |
| <b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2021-CREXT-01</b>                                                                         |    |                         |       |         | <b>57.198,00</b> |                         |                    |

**B) Financiamento:**

| FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN                                                      |                         |       |         |                 |                     |                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|-------|---------|-----------------|---------------------|--------------------|
| Descrición                                                                              | Aplicación orzamentaria |       |         | Crédito Inicial | Baixa por anulación | Crédito definitivo |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43100 2030000 | 010                     | 43100 | 4490000 | 35.000,00       | 10.198,00           | 24.802,00          |
| Baixas por anulación do crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 010 43300 4490000 | 010                     | 43300 | 4490000 | 190.000,00      | 47.000,00           | 143.000,00         |
| <b>TOTAL FINANCIAMENTO: BAIAS POR ANULACIÓN</b>                                         |                         |       |         |                 | <b>57.198,00</b>    |                    |

Resumo do expediente modificativo de crédito:

| EXPRESIÓN                                              | IMPORTE     |
|--------------------------------------------------------|-------------|
| 1.- Total crédito extraordinario .....                 | 57.198,00 € |
| 2.- Total suplemento de crédito .....                  |             |
| 2.- Financiamento                                      |             |
| a) Novos ingresos .....                                |             |
| b) Baixas por anulación .....                          | 57.198,00 € |
| c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais... |             |

**SEGUNDO.-** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñeráse ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**TERCEIRO.-** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procederáse á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**CUARTO.-** Igualmente, seránlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-01 as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos

contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

**4. DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN AO CONSELLO DE CONTAS DAS CONTAS DA FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2019.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación da remisión ao Consello de Contas das contas da Fundación Eugenio Granell correspondentes ao exercicio 2019.

O Sr. Alcalde pecha a sesión ás 10:34 horas. Dou fe.